



CICLO Un curso da Universidade de Vigo indaga na "efervescencia" do "novo cine galego" a través de directores como Alberte Pagán, Óliver Laxe ou Susana Rei

Francotiradores da imaxe

Nados nos setenta, formáronse fóra de Galicia e comparten a liberdade creativa e a modernidade filmica

Vanesa Oliveira · Santiago



Fotogramas de 'Na distancia' de Víctor Hugo Seoane, arriba, e 'Ejercicios Capitales' do dúo Weareqq

O PROGRAMA

Heteroxeneidade entre os consolidados e os emerxentes

O curso arrincou o venres pasado, día 15 coa proxección de 1977 de Peque Varela e *Paris #* de Óliver Laxe. O vindeiro venres, día 22, baixo o epígrafe Territorios, asistirán ás proxeccións Vicente Vázquez e Usue Arrieta, coñecidos como o dúo Weareqq, que presentarán os seus últimos traballos, moi cercanos á experimentación.

O vindeiro día 29, o ciclo continúa coa presenza de Manolo González, o ex presidente da Axencia Audiovisual Galega. Ademais, exhibiránse os filmes *Fatum* de Pablo Millán e *Causas de Kulechov* de Susana Rei.

Baixo o epígrafe *Na descuberta* proxectaranse o 5 de novembro os últimos títulos de Víctor Hugo Seoane, *El vaivén* e *Na distancia*. O día 12 de novembro, a *Reciclaxe* virá da man de Ramiro Ledo e do seu *Proceso de Artaud* xunto con

Cellular movie de Xurxo Chirro e *Varona* de Lara Babelo.

Cinefilia é o título das outras dúas proxeccións que terán lugar o día 15 de novembro, da man de Ángel Santos que presentará *Sara y Juan* e *O cazador*. A antepenúltima sesión do curso celebrárase o 26 de novembro. Adicado ás relacións entre cine e vídeo dixital, Antón Caeiro levará a Pontevedra a súa *Merenda de nejros* e Alberte Pagán, *Pó de estrelas*.

Finalmente, o 3 de decembro, o curso rematará cun concerto de Carlos Alberto Alonso e Roger de Flor, que presentarán a longametraxe documental *Naturalidade silvestre*, unha homenaxe aos músicos de vocación.

Suso Novás coordina o curso, no que todas as proxeccións irán acompañadas tamén dun coloquio.

explica Sande. Os novos cineastas galegos converxen tamén, ao seu ver, na súa "liberdade creativa e nos novos métodos de traballo e produción, eliminando procesos como a rodaxe ou mesturando xéneros". De feito, en moitos dos seus filmes a liña narrativa desaparece fronte a outras propostas como "diarios, ensaios ou autobiografía".

O carácter alternativo das súas cintas implica tamén a busca de "circuitos paralelos de exhibición", na maioría dos casos, alleos á industria cinematográfica controlada, por outra parte, por grandes produtoras norteamericanas.

Previamente por terse formado moitos deles fóra de Galicia iso permítelles, ao ver de Sande, ter unha maior "sintonía coa modernidade filmica". Unha visión que se traslada aos seus filmes por medio da experimentación que, segundo o programador do CGAI, "se explora máis que nunca". "Moitos deles traballan sobre os seus propios procesos, recorren a unha morea de medios e recursos narrativos, algo que os achega máis á vangarda", asegura. ●

"Rompen coa idea tradicional de ficción"

"Superan a febleza que supón a falta de medios grazas ás posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías, que abaratan custos. Son creadores cunha ampla cultura cinematográfica, que rompen coa idea tradicional de ficción, case como francotiradores da imaxe",